POLÍTICAS FISCAIS DE IGUALDADE APLICADAS AO TRABALLO DA MULLER E DIXITALIZACIÓN

Investigadora responsable: Soraya Rodríguez Losada

Equipo de investigación: Ana María Pita Grandal, Roberto Ignacio Fernández López, Carmen Ruiz Hidalgo, Jaime Aneiros Pereira, Luis Muleiro Parada, Mónica Siota Álvarez, Mónica García Freiría.

1 INTRODUCIÓN

O proxecto que se presenta ten como obxecto analizar a situación actual do traballo da muller, partindo da súa configuración legal, e atendendo ás políticas fiscais de igualdade. O estudo incorpora o exame de medidas de fomento do traballo da muller, orientadas a acadar una verdadeira igualdade no mercado laboral. Analizarase de maneira pormenorizada o fenómeno da dixitalización no mercado laboral e o seu impacto no emprego da muller.

Entre os diversos instrumentos xurídico-políticos existentes para acadar una verdadeira equiparación de homes e mulleres no mercado laboral, o emprego do sistema tributario e de gasto público resulta esencial. As propostas de futuro que plantexarán as investigadoras e investigadores desde proxecto non só se referirán ao sistema financeiro estatal. Así, as políticas fiscais das Comunidades autónomas e, en particular, de Galicia, tamén deben ser revisadas para estimular incorporación e presencia da muller na vida laboral. Finalmente, examinaranse as políticas fiscais das entidades locais, especialmente en materia de gasto público no fomento do emprego da muller, para determinar a súa idoneidade e, no seu caso, a súa revisión.

2 OBXECTIVOS



3 METODOLOXÍA

1ª.-Recompilación e estudo da literatura científica especializada, incluíndo análise da normativa vixente. Valorarase o estudo de experiencias de Dereito comparado que poidan resultar interesantes implantar no noso país.

2ª.-Formulación de propostas de mellora da normativa fiscal para o fomento do traballo da muller, relacionadas tanto coa normativa tributaria como coa normativa de gasto público.

3ª.-Difusión dos resultados.

4 RESULTADOS

1. **A través da función extrafiscal dos tributos, o sistema tributario pode empregarse para fomentar a igualdade de xénero e apoiar o acceso da muller ao traballo.**

2. Os beneficios fiscais regulados nos principais impostos do sistema tributario español, así como as deduccións autonómicas creadas para incentivar o emprendemento feminino teñen un alcance limitado; ademáis, algunhas destas medidas foron declaradas inconstitucionais ao constatar que se superaran as competencias autonómicas. É necesario revisar o deseño dos beneficios fiscais existentes de maneira individualizada, co obxecto de eliminar aqueles que non cumpran os obxectivos, introducindo novas medidas de discriminación positiva coordinadas, que mesmo amplien o seu ámbito de aplicación para protexer en maior medida a mulleres que formen parte de grupos en risco de exclusión.

3. É fundamental incorporar unha perspectiva de xénero nos orzamentos públicos para analizar e optimizar o impacto das políticas públicas orientadas ao fomento do traballo da muller. Partindo do estudo de experiencias noutros países, preséntanse propostas para a revisión do modelo de gasto público, tomando en consideración os efectos da dixitalización da sociedade.

Cátedra de Feminismos 4.0
DEPO - UVigo

Deputación Pontevedra

Universidade Vigo